

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 19 de xuño do 2024, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Creación Mesa comunitaria do programa CAI e nomeamento de membros

EXPEDIENTE: 2024/G003/000520

Visto o Programa de Cidades Amigas da Infancia (CAI), liderado por UNICEF Comité Español, que ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

Visto que o dito programa incentiva a creación de plans locais de infancia e adolescencia, promove a participación cidadá das nenas, nenos e adolescentes na vida municipal, impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e a execución destas políticas.

Visto que entre os criterios que se valoran para que o Concello de Teo obteña o selo de Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia, atópase o traballo conxunto e coordinado con organizacións da sociedade civil, tanto na elaboración da análise da situación de infancia e adolescencia no municipio como na planificación de accións estratéxicas para a mellora da súa calidade de vida. Dada a importancia que para este Concello teñen a participación da comunidade e dos seus axentes, valórase importante a creación dun **órgano de coordinación externa para o programa Cidades Amigas da Infancia**.

No uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable.

RESOLVO:

Primeiro.- Crear o **órgano de coordinación externa das políticas municipais de infancia e adolescencia de Teo**, cuxa misión consiste en articular e dotar de coherencia interna ás políticas de infancia e adolescencia do goberno local favorecendo a comunicación e colaboración entre representantes políticos e técnicos, e outras persoas, entidades e/ou profesionais dos recursos comunitarios. Este órgano denominarase **Mesa Comunitaria** do programa CAI.

Segundo.- Establecer que a **Mesa Comunitaria** se reunirá con carácter ordinario unha vez ao semestre, podendo celebrarse sesión extraordinaria sempre que sexa necesario.

Terceiro.- Designar como membros da Mesa Comunitaria a:

Persoal Político:

Coordinación política: D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

- D.^a M^a Vázquez Rey: concelleira delegada de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade
- D. Rogelio Gómez Fernández, concelleiro delegado de Deportes e Xuventude.

Persoal Técnico:

Coordinación técnica: Eva López Soto, educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

- D.^a Mónica Mella Rosende, traballadora social do SEAF e SAF. Suplente D.^a Berta Conde, coordinadora Servizos Sociais Comunitarios.

- D. Alberto Llano Fontenla, bibliotecario. Suplente: D. Roberto Rielo Iglesias, normalizador lingüístico.

Persoal de Asociacións, recursos comunitarios e persoas expertas:

- Unha persoa representante da Asociación Arcostilos
- Unha persoa representante do servizo de Pediatría dos centros de saúde Os Tilos e Calo
- Unha persoa representante do servizo de Pediatría do centro de saúde de Cacheiras
- Unha persoa representante do Departamento de Orientación do CEIP A Ramallosa
- Unha persoa representante da ANPA Río Tella CEIP A Ramallosa
- Unha persoa representante do Departamento de Orientación do CEIP Calo
- Unha persoa representante da ANPA Rabadela CEIP A Igrexa-Calo
- Unha persoa representante do CEIP Os Tilos
- Unha persoa representante da ANPA Cobas CEIP Os Tilos
- Unha persoa representante do Departamento de Orientación do IES Cacheiras
- Unha persoa representante da ANPA IES Cacheiras
- Unha persoa representante da Fundación Secretariado Xitano.
- A presidenta da Asociación BolboreTea, Familias teenses para a neurodiversidade, ou persoa en quen delegue
- Unha persoa representante do Servizo de Coordinación do Servizo Municipal de Atención Temperá
- Unha persoa representante da Policía Local
- A coordinadora das escolas infantís municipais ou persoa en quen delegue
- Unha persoa representante da Garda Civil. Área Santiago de Compostela.
- Unha persoa representante do grupo de investigación SEPA-USC e do equipo do *Proxecto ConLecerTeo*
- Unha persoa representante do Plan Local de prevención Drogodependencias
- Unha persoa representante do IGAXES
- A traballadora social dos centros de saúde Teo, ou persoa en quen delegue
- Unha persoa representante da empresa dinamizadora FoPIA

Asemade, a mesa comunitaria poderá irse ampliando con outras persoas que se consideren de interese para as temáticas que se aborden.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución a todos os membros da Mesa Comunitaria do programa CAI do concello de Teo.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Prace

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz